

Programación infantil con apego

OUTONO

www.apego.gal
apego.santiagodecompostela.gal



CONCELLO DE
SANTIAGO

Xogos populares na rúa

Sábado 1 de outubro e 17 de decembro ás 12 h
CSC do Ensanche

Stop motion na Biblioteca

Minia Regos

Mércores 5, martes 11, mércores 19 e 26 de outubro
de 18.30 a 20 h CSC das Fontiñas
Venres 14 e 21, martes 25 de outubro de 18 a 19.30 h e
sábado 22 de outubro de 11 a 12.30 h CSC de Vite

Un obradoiro para afondar nas nosas capacidades
creativas a través da técnica de animación *stop
motion* (foto a foto).

Conectaremos co mundo da literatura e do
cinema por medio da lectura, da creación e
expresión plástica, da fotografía e do traballo
en equipo.

A partir de 7 anos. Inscripción no Centro ou no teléfono
981 528 750 ata o día de comezo da actividade
Ler conta moito

Mago Charlangas

Sábado 8 de outubro ás 18 h
CSC do Castiñeiríño

Todos os públicos

Entrada de balde até completar a capacidade da sala
Rede Cultural da Deputación da Coruña

Historias sen alento

Venres 14 e 21 de outubro, 4, 11, 18 e 25 de
novembro de 19 a 20.30 h
CSC de Conxo

Arrepiantes relatos breves que porán a proba a

valentía da rapazada.

De 6 a 12 anos. Inscripción no centro ou no 981 528 740.
15 prazas

Cóntoche un traxe

Montse Rivera

Sábado 15 de outubro ás 18 h
CSC de Santa Marta

De maneira divertida explicamos que pezas tiña a
roupa dos devanceiros e xogamos a vestirmos
coma eles, vendo as diferenzas nas prendas e na
vida. Quedará de recordo unha simpática foto do
ben que nos queda o traxe tradicional.

De 5 a 12 anos. Aberto até completar a capacidade
Ler conta moito

Obradoiro de Samáin

Venres 21 e 28 e luns 24 de outubro ás 18.30 h
LSC da Pontepedriña

Martes 25 de outubro ás 18 h
LSC Cardeal Quiroga (Inscripción previa)

A partir de 4 anos

A alfombra máxica

Títeres Babaluva

Mércores 26 de outubro ás 18 h
CSC do Ensanche

Experimentación táctil, sonora e olfactiva para
mergullarse nunha viaxe sensorial acompañada
de monicreques, música e outras sorpresas.

Ata 3 anos acompañados.

Inscripción en dlg@santiagodecompostela.gal a partir do
10 de outubro. 20 prazas.

Gran xogo de Samáin

Mércores 26 de outubro de 18.30 a 19.30 h
CSC de Vite

Gran xogo colaborativo de preguntas e probas,
sobre o Samáin.

A finalidade do xogo é divertirse.

De 5 a 12 anos. Inscripción no centro ou no 981 542 490

Cataxogos

Xogos Galileo

Xoves 27 de outubro ás 18.30 h no CSC de Vite

Venres 4 de novembro ás 18 h no CSC de Santa Marta

Xoves 17 de novembro ás 19 h no CSC do Castiñeiríño

Xoves 15 de decembro ás 18 h no CSC das Fontiñas

Coñecemos e experimentamos xoguetes e
xogos educativos en galego: Crebacabezas,
Escola de Escritura do Xabarán, Peregrinus,
Super Vista...

A partir de 3 anos con acompañamento adulto

Venres en familia

CSC do Ensanche ás 18 h

28 de outubro. Celebrando o Samáin

Ven co teu disface terrorífico e trae algo para
merendar e compartir.

A partir de 4 anos acompañados. Inscripcións desde o
10 de outubro

9 de decembro. O agasallo viaxeiro

Constrúe un agasallo para intercambiar con outro
nado ou nena de Compostela.

A partir de 5 anos acompañados. 15 prazas.

23 de decembro. Montamos o Belén

Vente caracterizado/a de personaxe do Belén. Entre os asistentes faremos unha pequena representación do nacemento, remataremos cantando panxoliñas e compartindo merenda.

Túnel do terror

Venres 28 de outubro ás 18.30 h
CSC de Vite

Un ano máis, os animadores do centro montan un pequeno túnel do terror para todos e todas aquelas valentes que se atreven a ter unha experiencia terrorífica.

Comparte a festa!

Obradoiro de tallado de cabazas

Sábado 29 de outubro ás 12 h
CSC do Ensanche

Trae a túa cabaza e axudámosche a transformala. Se se che fai moi grande, que tal se comezas cunha laranxa?

A partir de 4 anos acompañados dun adulto

Ruta sobre a biodiversidade urbana

Sábado 29 de outubro ás 12 h
Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Paseo para coñecer a flora e fauna que podemos atopar por Compostela.

Inscrición no ciac@santiagodecompostela.gal a partir do 1 de outubro. 25 prazas.

O faiado

Teatro O Cubo

Sábado 19 de novembro ás 18 h
CSC de Santa Marta

A música, a danza, o circo e os monicreques combínanse para desenvolver esta historia na que a maxia e a ilusión achegan unha faisca fantástica.

A partir de 5 anos

Até completar a capacidade da sala Magán

Ruta polo parque de Belvís

Sábado 26 de novembro ás 12 h
Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Coñecemos a historia do parque e a súa biodiversidade.

Inscrición no ciac@santiagodecompostela.gal a partir do 1 de novembro. 25 prazas.

Xeado de lúa

Títeres Cachirulo

Sábado 26 de novembro ás 18 h
CSC do Castiñeirío

Unha noite de lúa chea, un rato moi pequeno e distraído, ollando a lúa quedou durmido.

O señor gato contemplaba o mesmo redondo prato e como este suxería comida, mirou para o rato con moita alegría.

A partir de 2 anos

Aberto ata completar a capacidade

Rede Cultural da Deputación da Coruña

Celebrando o Samáin

Sábado 29 de outubro ás 17.30 h
LSC de San Lourenzo

A partir de 5 anos

Luns 31 de outubro ás 18.30 h
LSC da Pontepedriña

A partir de 4 anos

Ven co teu disfrace terrorífico e trae algo para merendar e compartir.

Obradoiro de comedeiros e bebedeiros para paxaros

Domingo 30 de outubro ás 17 h
Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Aprendemos a coidar os nosos paxaros co material de refugallo.

A partir de 6 anos acompañados. Inscrición no ciac@santiagodecompostela.gal a partir do 1 de outubro. 25 prazas.

Cantacontos

Pablo Díaz

Sábado 5 de novembro ás 18 h
CSC do Ensanche

Unha viaxe a través dos contos coa música como fio condutor, tratando temas e rutinas adaptadas para os máis peques. Unha sesión relaxada onde a fantasía e a ilusión serán as protagonistas, e na que grandes e miúdos axuden a cantar e a entoar melodías e retirosos.

De 0 a 5 anos acompañados.

Inscrición en dlg@santiagodecompostela.gal a partir do 17 de outubro. 30 prazas

Entre arrollos e contiños

Migallas

Sábado 10 de decembro ás 12 h
CSC do Ensanche

Sesión de contos con música, un momento de lecer lonxe do ruído e das rutinas diarias.

De 6 meses a 4 anos con acompañamento adulto

Inscrición en dlg@santiagodecompostela.gal a partir do 15 de novembro. 25 prazas.

A máquina dos sorrisos e das palabras

Martes 13 de decembro as 18 h
CSC da Trisca

Dinámica na que xogaremos coa lingua partindo do coñecemento que os participantes teñen de si mesmos e das vivencias no seu mundo cotián, reflexionando sobre a importancia das emocións.

De 6 a 12 anos

15 prazas por orde de chegada

Obradoiro de xoguetes con material de refugallo

Sábado 17 de decembro ás 11 h
Centro de Interpretación Ambiental (CIAC)

Para celebrar o Día do Consumo.

A partir de 6 anos acompañados

Inscrición no enderezo_iac@santiagodecompostela.gal a partir do 1 de decembro. 25 prazas.

O bosque móvese

Ánxela Blanco

Sábado 12 de novembro ás 18 h
CSC do Ensanche

Conto didáctico envolto coa maxia sonora do pianista Señor Oso e as piruetas de Flor de Toxo. Dramatización, movemento, emocións e musicalidade. O público poderá experimentar os beneficios do movemento e a expresión emocional, pasando un bo anaco en familia.

De 3 a 5 anos acompañados. Inscricións no CSC do Ensanche a partir do 13 de outubro (981 543 001)

Rede Cultural da Deputación da Coruña

Zapatos

Caramuxo Teatro

Sábado 12 de novembro ás 18 h
CSC de Santa Marta

Que pasa cos zapatos que xa ninguén usa? Todos os días chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias que traen consigo zapatos de todos os tamaños e cores.

De 1 a 4 anos. 100 prazas.

Rede Cultural da Deputación da Coruña

Nen@ e lingua, unha oportunidade

Manual C. Núñez Singala

Mércores 16 de novembro de 18 h
CSC do Ensanche

Un encontro para sorprendernos e reflexionar sobre cousas importantes para o futuro.

Nais e pais. Inscrición en dlg@santiagodecompostela.gal

A chungatrona

Peter Punk

Sábado 17 de decembro ás 18 h
CSC de Santa Marta

Malabares, globoflexia, humor...

Rede Cultural da Deputación da Coruña

Agasallo viaxeiro

Venres 23 de decembro de 18.30 a 20 h
CSC de Vite

Constrúe un agasallo para alguén e recibirás outro.

A partir de 5 anos. Inscrición no centro. 15 prazas.

Desafío comercial SCO

App para dispositivos móbiles, dipoñible a partir do 10 de outubro para IOS e Android.

Descubre, coa axuda dalgún adulto, a parte máis insólita do Santiago comercial. Mergúllate entre tendas, pasea, visita e atopa as historias, experiencias e curiosidades que se ocultan decote na cidade. Serás capaz de superar este reto?

Máis información en comercio.santiagodecompostela.gal


Semana dos dereitos da infancia

A partir do 20 de novembro (Día dos Dereitos da Infancia). Coa colaboración de vaías ONG, desde a Concellaría de Políticas Sociais, realizaranse varias actividades cos centros de educación infantil e primaria e un Pleno municipal infantil.

+INFO: www.apego.gal
apego.santiagodecompostela.gal



Maderiudo
(*Boletus edulis*)



Cacaforra viñosa
(*Amanita rubescens*)



Maderiudo
de pé vermello
(*Boletus erythropus*)

No outono...
par de raposo
no Pedroso!

Chegan as primeiras pingas do outono e canda elas os cogomelos agroman da terra enchendo prados e bosques de novas cores e novos olores. Maderiudos, cacaforras, peidos de lobo, rebentaboís... É o momento de saír pasear para coñecer mellor estes pequenos parauguiñas con nomes ben curiosos.


Un lugar xeitoso para ver cogomelos en familia é o Pedroso. O paseo



Fígado de boi
(*Fistulina hepática*)




Carne de pita
(*Laetiporus sulphureus*)



Andoa da mosca
(*Leccinum scabrum*)



Rebentaboís
(*Amanita muscaria*)



Peido de lobo perlado
(*Lycoperdon perlatum*)

Estado do Pedroso



que vos propoñemos percorrer unha parte do monte dende a Selva Negra ata a Granxa do Xesto, onde poderedes facer un descanso para tomar algo e xogar no parque, ou mesmo comezar aquí o itinerario.

Para axudarnos a preparar a saída, deixámosvos as fotografías dalgun dos exemplares que se poden ver. Atopádelos no mapa? (A localización é totalmente orientativa)

NOTA IMPORTANTE: a información que se recolle aquí non é en absoluto suficiente para decidirse a apanhar os cogomelos e comelos, xa que algúns deles son tóxicos.

Para saber máis:

- Os nomes galegos dos cogomelos (www.achave.gal)
- Guía dos cogomelos comúns de Galicia, Marisa Castro (2000). Xerais